



OPOSICIONES 2022

CONCURSO-OPOSICIÓN 2022

Galicia

ORDE do 28 de xaneiro de 2022

INFO ACTUALIZADA DE NOTAS, TRIBUNAIS, CHAMAMENTOS... en
<https://www.edu.xunta.es/oposicions/>

NON OBRIGATORIEDADE DE PARTICIPACIÓN:

O procedemento selectivo dará comezo a partir do día 18 de xuño de 2022.

Nesta convocatoria non é obrigado que o persoal interino e susbtituto se presente ao procedemento selectivo toda vez que o día 2 de xuño de 2022 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades acordou coas organizacións sindicais ANPE, CC.OO, CSIF-ENSINO, UGT-SP ENSINO engadir unha disposición transitoria cuarta ao Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que imparte ensinanzas distintas das universitarias **de modo que o persoal interino e substituto que presta servizos en calquera especialidade na Comunidade Autónoma de Galicia non estará obrigado a participar nos procedementos selectivos para ingreso nalgún corpo da función pública docente que se convoquen no ano 2022 para os únicos efectos da permanencia nas listas de interinidades e substitucións.**

FASE DE OPOSICIÓN: 2/3 DA PUNTUACIÓN FINAL

- ◆ Letra pola que comezan os chamamentos: “T”.
- ◆ Todas as probas da especialidade de **idiomas** desenvolveranse completamente **nese idioma**, o resto poderán ser en galego ou castelán.
- ◆ Cada unha das **DÚAS probas** desta **fase** terá carácter **eliminatorio**.
- ◆ 1.^a Proba da Oposición: O **exame práctico e o tema** realizaranse no **mesmo día** para o corpo de Mestres e **no mesmo día ou diferentes** no resto de corpos.
- ◆ 2.^a Proba da Oposición: A defensa da **programación e da unidade didáctica** realizaranse nunha **mesma sesión**. Disporase de 1 h de preparación e 1 h de exposición (defensa da Programación cun máximo de 20 min, a continuación a exposición da U.D. en 30 min e, finalmente, poderá haber un debate de máximo 10 min).

1.^a PROBA FASE OPOSICIÓN: Dúas partes: Comprobación dos coñecementos específicos da especialidade.

A) Parte práctica: Consistirá na realización dunha serie de **exercicios prácticos** axustados á especialidade á que optes. O **tempo asignado** para a realización desta proba será **establecido polos tribunais**.

B) Parte escrita: Tempo asignado: **2 h**. Desenvolvemento por escrito **dun tema** do temario oficial elixido polo aspirante de entre **2** para Mestres, **4** para Artes Plásticas e Deseño, EOI e PES, extraídos ao chou polo tribunal.

→ **Cualificación da 1.^a proba:** Ao efectuarse estas dúas probas escritas, procederase a unha **lectura conxunta** e a **cualificación** de cada parte **por separado**, de **0 a 10 puntos cada unha**. A nota desta primeira proba será a suma das notas ponderadas de cada parte do seguinte xeito:

— **Parte A:** Multiplicarase por **0.6** a cualificación obtida

— **Parte B:** Multiplicarase por **0.4** a cualificación obtida

⇒ Exemplo: $(6 \times 0.6 = 3.6)$.

$(5 \times 0.4 = 2.0)$.

Total: **5.6** e, por tanto, APROBADO

→ **Presentación de Méritos e Programación**

O tribunal convocará ao persoal que **superou** a 1.^a **proba** a través da aplicación de www.edu.xunta.es/opusiciones, especificando a **data** e o **prazo** que teñen para entregar os **méritos e a programación didáctica**. Deberán rexistrar os méritos a través da aplicación de www.edu.xunta.es/opusiciones e presentarán ante o tribunal a instancia xerada e as fotocopias dos méritos alegados, levando tamén os orixinais (**só méritos perfeccionados e xustificadas ata o 21 de febreiro de 2022**).

- O tribunal barema → Reclamacións: **3 días hábiles** dende o día seguinte á publicación do baremo provisional mediante escrito dirixido ao tribunal.

2.^a PROBA FASE OPOSICIÓN (aptitude pedagóxica): O tribunal publicará na web a lista co nome do persoal que superou a 1.^a proba e convocará, nun día e hora determinadas, a cada aspirante desa listaxe para realizar as **dúas partes desta 2.^a proba**:

A) Entrega da Programación: A programación seguirá as **RÚBRICAS especificadas na orde de convocatoria**. O persoal aspirante que **supere a 1.^a proba** deberá entregar ao tribunal os méritos e a programación no prazo que estableza ao publicar as cualificacións da mesma. Constará mínimo de 15 U.D, 4 U.D. para os PES/PTFP de ciclos formativos, e 6 Programas de Intervención para PT e AL. Resultará **excluído** do procedemento selectivo o persoal aspirante cuxa programación non se axuste ao **formato** establecido, non por deficiencias no contido da programación.

B) Defensa da Programación Didáctica/Plan de Apoio e Unidade Didáctica/Programa de Intervención: O aspirante será convocado un día e hora concretos á través da web e elixirá unha U.D. (de entre 3 extraídas ao chou polo tribunal) que poderá estar relacionada coa súa programación ou co temario oficial da especialidade. O procedemento consistirá en:

- A reclusión do aspirante durante unha hora, na que poderá preparar esta proba con todo o material do que dispoña, sen posibilidade de comunicación co exterior.
- Unha vez rematado o tempo, o opositor disporá de unha hora para **a defensa oral da programación didáctica, exposición da U.D. elixida e, un posible debate co tribunal**. Para estas exposicións, poderá levar material auxiliar sempre que sexa aprobado polo tribunal, e un guión que non excederá dunha páxina e que se entregará ao tribunal ao final da exposición.

→ **Cualificación desta segunda proba:** Esta proba valorarase **globalmente de 0 a 10 puntos** debendo acadar unha puntuación mínima igual ou superior a 5 puntos. A primeira parte e a segunda parte da segunda proba ponderaranse do seguinte xeito:

- **Parte A:** a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por **0,4 a nota** obtida.
- **Parte B:** a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por **0,6 a nota** obtida.

Calificación FASE DE OPOSICIÓN: 2/3 DA PUNTUACIÓN FINAL:

Será a **media aritmética** das puntuacións obtidas **nas dúas probas** que integran a mesma: primeira (A/B) e segunda (Prog./U.D) cando ambas fosen superadas.

FASE DE CONCURSO: 1/3 DA PUNTUACIÓN FINAL

- A fase de concurso **NON** ten carácter **ELIMINATORIO**. Para acceder a esta fase é necesario obter, polo menos, **cinco puntos na fase de oposición**.
- O tribunal, resoltas as reclamacións, só publicará a **puntuación definitiva** do persoal aspirante que superou a fase de OPOSICIÓN, na páxina web da Consellería, no enderezo electrónico <https://www.edu.xunta.gal/oposiciones/>
- Só poderá **reclamar** ao baremo definitivo (recurso de alzada, prazo **dun mes** ante o Director Xeral de Centros e RRHH) se previamente houbo unha reclamación ao baremo provisional.



BAREMO: RESUMO DO BAREMO DO SISTEMA XERAL DE INGRESO.
Puntuación máxima de 10 PUNTOS

FASE DE CONCURSO (MÁXIMO: 10 PUNTOS): 1/3 DA NOTA FINAL

I. EXPERIENCIA DOCENTE PREVIA (MÁX: 7 PUNTOS)

En centros públicos:

- 1.1 Ano no mesmo corpo 1
- 1.2 Ano en distinto corpo 0,50

Noutros centros:

- 1.3 Ano no mesmo corpo 0,50
- 1.4 Ano en distinto corpo 0,25

II. FORMACIÓN ACADÉMICA PERMANENTE (MÁX: 5 PUNTOS)

2.1 Expediente académico:

- de 6-7,5 S/10 (de 1,50-2,25 S/4) 1
- de 7,51-10 S/10 (de 2,26-4 S/4) 1,5

2.2 Postgraos, Doutoramento e premios extraordinarios:

- 2.2.1 Máster / DEA 1
- 2.2.2 Doutoramento 1
- 2.2.3 Premio extraordinario no doutoramento 0,5

2.3 Outras titulacións universitarias:

- 2.3.1 Diplomaturas / 1.º ciclo de licenciatura / Enxeñaría técnica 1
- 2.3.2 2.º ciclo licenciaturas / Grao / Enxeñaría 1

2.4 Ensinanzas de Réxime Especial e FP:

- a. Título Profesional de música ou danza 0,5
- b. Nivel avanzado ou equivalente de EOI 0,5
- c. Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño 0,2
- d. Técnico Superior de FP 0,2
- e. Técnico Deportivo Superior 0,2

III. OUTROS MÉRITOS (MÁX: 2 PUNTOS)

3.1 Linguas estranxeiras:

- 3.1.1 Nivel C2 (MCER) 1,2
- 3.1.2 Nivel C1 (MCER) 1
- 3.1.3 Nivel B2 Título estranxeiro equivalente ao B2 (avanzado), sempre que non se acredite o título equivalente da EOI no mesmo idioma. . . 0,5

3.2 Actividades de formación e perfeccionamento superadas,

- cada 10 horas (1 crédito = 10 h) 0,1

3.3 Actividades de formación e perfeccionamento impartidas,

- cada 5 horas (1 crédito = 10 h) 0,1

ACLARACIÓNS AO BAREMO

APDO. I. EXPERIENCIA DOCENTE: Cando os servizos fosen prestados en centros públicos da Consellería non hai que presentalos, para o resto pódese presentar certificación da dirección con visado de inspección ou contratos máis certificado de vida laboral. Son baremables os servizos prestados na especialidade de **relixión, mestre en escolas infantís** (a partir do curso académico 2008-2009) e **universidade**.

APDO. II

2.1. EXPEDIENTE ACADÉMICO: De non remitir certificación académica → nota media **aprobado**. No caso dos **títulos obtidos no estranxeiro** presentárase certificación expedida pola Administración Educativa do país correspondente, indicando nota máxima e mínima. Non se valorará a nota media do expediente das **titulacións declaradas equivalentes** aos efectos de docencia.

2.3. OUTRAS TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS: No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente Grupo A2, non se valorará o primeiro título que presente a persoa aspirante. No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente Grupo A1, non se valorará o título que fora necesario superar para a obtención do primeiro título de Licenciatura, Enxeñaría ou Arquitectura que presente a persoa aspirante.

APDO. III

3.1. LINGUAS ESTRANXEIRAS: So se valora a certificación de nivel superior no caso de que se presenten varias acreditacións dunha mesma lingua estranxeira.

3.2. CURSOS DE FORMACIÓN: Non se valorarán os cursos conducentes á obtención dun título académico. Non se valorará o CAP ou o Máster de profesorado (unicamente se valorará no corpo de mestres e no corpo de profesores de artes plásticas e deseño). Nas certificacións dos cursos organizados polas universidades deberá figurar a sinatura da reitoría ou vicerreitoría competente. Teranse en conta as horas que figuren na certificación ou diploma.

REMATE DO PROCESO SELECTIVO: CONCURSO/OPOSICIÓN

A- PERSOAL QUE SUPEROU O PROCESO SELECTIVO ACADANDO PRAZA:

→ **RELACIÓNS DE ASPIRANTES:** os tribunais exporán a relación de aspirantes que superaron o concurso-oposición na páxina web: <http://www.edu.xunta.es/oposicions>. Hai dous días hábiles para reclamar contra posibles erros.

→ **SOLICITUDE DE DESTINOS (CADP):** prazo de **DOUS días** hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación da lista de aprobados polos tribunais na aplicación www.edu.xunta.es/cadp.

→ PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Cando se publique no DOG (a finais de agosto) a lista única de aprobados por **especialidade**, disporás de **20 días** naturais dende o día seguinte da publicación para **presentar** por medios electrónicos:

- a) Certificado médico.
- b) Declaración responsable.
- c) Certificado de non ter antecedentes por delitos sexuais (agás ter autorizado na instancia a consulta de datos do Rexistro Central de delinquentes sexuais).

→ FASE DE PRÁCTICAS

- Duración 4 **meses** efectivos (agás causas xustificadas). Poderán aprazarse por causa xustificada a petición da persoa interesada á Inspección Educativa.
- Para a súa **avaliación** realizarase un **informe-memoria** final coa valoración global da súa actividade, dificultades encontradas e apoios recibidos que seralle entregado ao remate da fase de prácticas á comisión cualificadora. O centro educativo no que teñas destino recibirá as instrucións a comezos de curso.
- A avaliación do persoal aspirante será efectuada pola citada **comisión** a partir dos informes emitidos polo **profesor-titor**, a **dirección** do centro, o persoal responsable das actividades de formación e, se é o caso, o **inspector** ou **inspectora** responsable do centro e do informe presentado polo propio aspirante.
- As prácticas cualificaranse como **APTO** (será nomeado como **funcionario de carreira** a 1/9/2023) ou NON APTO (poderá **repetir** esta fase UNHA **ÚNICA vez** no seguinte curso).

B- PERSOAL QUE NON SUPEROU O PROCESO OU NON ACADOU PRAZA:

Se figurabas nas **listas** de **interinos/substitutos** da Consellería como consolidado permanecerás na mesma posición independentemente das notas deste proceso selectivo.

COMPOSICIÓN DAS LISTAS DE INTERINOS

- ◆ **Rebaremación:** cada vez que haxa oposición dunha especialidade, borranse a todos os membros das mesmas a partir da **última** persoa que foi **chamada** para traballar e a continuación incorporaranse á mesma os **novos aspirantes** ordenados **pola NOTA** desta oposición.
- ◆ Só entrarán a formar **parte** das **listas** dunha especialidade os que, presentándose aos procesos selectivos, teñan a titulación/s para esa **especialidade** ou, sen esa titulación específica, **superaran** a **1.ª proba** do proceso.
- ◆ Se un integrante das listas é **chamado para traballar**, só poderá **renunciar** a esa vacante en base a causas recoñecidas na **ADDENDA** de interinos (<https://anpegalicia.es/interinos>).
- ◆ Os membros das listaxes **decaerán** das mesmas polas seguintes circunstancias:
 - **Non aceptar** un posto de traballo ofertado.
 - **Non aportar** documentación en prazo ou non tomar posesión no prazo establecido.
 - Como resultado dun **expediente disciplinario** ou de competencia pedagóxica.
 - Ser nomeado **funcionari@** de **carreira** ou en prácticas de calquera outra administración pública.
- ◆ Dende a primeira vez que un docente é chamado para traballar, deberá **presentarse a todas** as **oposicións** que desa **especialidade** se convoquen, agás que opoite por outra especialidade ou fóra da Comunidade (neste caso deberá presentar un xustificante acreditativo desta situación), ou exista unha excepciónalidade coma este ano.
- ◆ A substitución **non** implica desempeñar os **cargos** de **responsabilidade** da persoa substituída (dirección, xefatura de estudos...).
- ◆ O persoal que **unicamente** foi chamado para cubrir vacantes en áreas ou materias que se impartan nunha **lingua estranxeira** (centros plurilingües ou seccións bilingües), non xerou o dereito a "manterse estable" na lista de interinos se hai oposicións desa especialidade.

ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES

A proba consistirá na **exposición oral dun tema** de entre cinco extraídos ao chou polo tribunal, nas especialidades dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño, e de entre tres extraídos ao chou polo tribunal, nas especialidades do corpo de mestres. Disporá de **2 horas de preparación** usando o material que considere oportuno. A exposición terá unha duración máxima dunha hora (para as especialidades de linguas estranxeiras, a exposición será nesa lingua).

Nas especialidades específicas de formación profesional (agás Formación e Orientación Laboral), e nas do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, a proba constará, ademais, dunha parte práctica (anexo VI). A valoración da parte práctica da proba será conxunta coa exposición oral. No caso das especialidades propias das Ensinanzas Artísticas que atenden exclusivamente as ensinanzas artísticas superiores, neste exercicio práctico deberase acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das Ensinanzas Artísticas.

Os candidatos resultarán **APTOS (serán HABILITADOS de oficio** nesa nova especialidade) ou **NON APTOS**.

O persoal que adquira unha nova especialidade por este procedemento estará exento da fase de prácticas.

ACCESO A2 A A1

A proba consistirá na **exposición oral dun tema** de entre 8 extraídos ao chou (9 se concorda a Titulación) extraídos ao chou polo tribunal, nas especialidades dos corpos de profesores de ensino secundario, e profesores de artes plásticas e deseño. Disporá de **2 horas e trinta minutos de preparación** usando o material que considere oportuno. A exposición terá unha duración máxima dunha hora (para as especialidades de linguas estranxeiras, a exposición será nesa lingua).

Para calquera dúbida ou aclaración podes contactar con nós ata o 19 de xuño no noso horario habitual e desde o 20 de xuño e no mes de xullo de 10 a 14 horas. Fóra deste horario, envía a túa consulta por correo electrónico.

ÁNIMO e SORTE !!!!

SISTEMAS DE INGRESO A LOS CUERPOS DOCENTES

Modificación del Reglamento de ingreso en los cuerpos docentes

RD 270/2022
Disposición transitoria 4.^a

Convocatoria excepcional de estabilización de empleo temporal de larga duración

RD 270/2022
Disposición transitoria 5.^a

Reglamento de ingreso en los cuerpos docentes

RD 276/2007

1. SISTEMA CONCURSO OPOSICIÓN

Lo dispuesto en la presente disposición transitoria será de aplicación a los procesos selectivos de ingreso que se convoquen para la ejecución de la estabilización de plazas ocupadas temporalmente previstas en el artículo 1 de la ley 20/21

FASE DE OPOSICIÓN 60% *Pruebas no eliminatorias*

Parte A Desarrollo por escrito de un tema elegido por el aspirante

- Hasta 25 temas: a elegir entre 3 temas
- Entre 25 y 50: a elegir 4 temas
- Más 50 temas: a elegir entre 5 temas

Parte B B-1) Preparación, presentación y exposición, y defensa de una unidad didáctica
B.2) Ejercicio de carácter práctico: solo determinadas especialidades

FASE DE CONCURSO 40% *Baremo máximo 10 puntos*

EXPERIENCIA PREVIA Máximo 7 puntos

- 0,700 puntos por año en la especialidad del cuerpo en centros públicos.
- 0,350 puntos por cada año en otras especialidades del mismo cuerpo en centros públicos.
- 0,125 puntos por cada año en distinto cuerpo en centros públicos.
- 0,100 puntos por año en el mismo nivel del cuerpo en otros centros

FORMACIÓN Máximo 2 puntos

- Anexo I del RD 276/2007

OTROS MÉRITOS Máximo 1 punto

- 0,75 puntos por superar la fase de oposición en la misma especialidad en procesos celebrados desde 2012.
- 1 punto por formación permanente (subpartado 2.5 del anexo IV del RD 276/2007)

2. SISTEMA CONCURSO DE MÉRITOS

Concurso excepcional de estabilización de empleo temporal de larga duración, que se convocará por una sola vez y sin oposición, afectando a todas las plazas de carácter estructural ocupadas de forma temporal según lo dispuesto en la Ley 20/2021 de 28 de diciembre

EXPERIENCIA PREVIA Máximo 7 puntos (hasta 10 años)

- 0,700 puntos por cada año en la especialidad del cuerpo en centros públicos.
- 0,350 puntos por cada año en otras especialidades del mismo cuerpo en centros públicos.
- 0,125 puntos por cada año en distinto cuerpo en centros públicos.
- 0,100 puntos por año en el mismo nivel del cuerpo en otros centros

FORMACIÓN Máximo 3 puntos

- Anexo I del RD 276/2007

OTROS MÉRITOS Máximo 5 puntos

- 2,5 puntos por haber aprobado oposiciones en la misma especialidad en convocatorias a partir de 2012
- 2 puntos por formación permanente (subpartado 2.5 del anexo IV del RD 276/2007)

Baremo máximo 15 puntos

3. SISTEMA CONCURSO OPOSICIÓN

Procedimientos selectivos de ingreso en los que no se oferten plazas de estabilización: plazas de reposición (jubilaciones) y de nueva creación.

FASE DE OPOSICIÓN 66,6 % *Pruebas eliminatorias*

1ª prueba

Parte A. Prueba práctica
Parte B. Desarrollo de un tema

- Hasta 25 temas: a elegir entre 2 temas
- Entre 26 y 50 temas: a elegir entre 3 temas
- Más 50 temas: a elegir entre 4 temas

2ª prueba

Parte A. Defensa de la Programación Didáctica
Parte B. Defensa, preparación y exposición de una Unidad Didáctica

FASE DE CONCURSO 33,3 % *Baremo máximo 10 puntos*

EXPERIENCIA PREVIA (máximo 5 años) Máximo 5 puntos

FORMACIÓN ACADÉMICA Máximo 5 puntos

OTROS MÉRITOS Máximo 2 puntos







Doble sistema transitorio para plazas de estabilización

Sistema para plazas de reposición (jubilaciones) y de nueva creación

Podes atopar máis información relevante sobre: Funcionariado en prácticas, itinerancias, acordo de interinos, licencias e permisos... na nosa web:

<https://anpegalicia.es/revistas>

Onde podes descargar os nosos boletíns resumo.



www.anpegalicia.es

ANPE GALICIA

Centro de Negocios Compostela Norte
Rúa Xosé Chao Rego, 8 - baixo
15705 Santiago de Compostela
981 552 393
galicia@anpe.es

ANPE CORUÑA

Rúa Fernando Macías, 10 - 1.º A3
15004 A Coruña
981 271 915
acoruna@anpe.es

ANPE CORUÑA - Sede Santiago

Centro de Negocios Compostela Norte
Rúa Xosé Chao Rego, 8 - baixo
15705 Santiago de Compostela
981 552 393 · galicia@anpe.es

ANPE LUGO

San Roque, 94-98 - Entpla. Esq.
27002 Lugo
982 227 912
lugo@anpe.es

ANPE OURENSE

Progreso, 83 - 1.º D
32004 Ourense
988 255 852
ourense@anpe.es

ANPE PONTEVEDRA-VIGO

República Argentina, 10 - Entr. ofic. 3
36201 Vigo - Pontevedra
986 437 043
pontevedra@anpe.es